

Haberá mobilizacións se non soben os salarios



SALARIO OU CONFLITO



A reforma laboral segue creando emprego con dereitos

O xoves 16 de xuño tivo lugar a primeira reunión deste ano do Consello Nacional de CCOO. A secretaria xeral, Amelia Pérez, comezou a súa intervención lamentando a elevada sinistralidade laboral que se está rexistrando este ano, especialmente no sector do mar. «Aínda temos moi presentes as vítimas do Villa de Pitanxo», sinalou a dirixente sindical, quen tamén lembrou o recente accidente mortal dun buque conxelador vigués en augas das Seychelles e os dous feridos graves rexistrados nas obras de preparación do festival compostelán O Son do Camiño.

Na exposición do informe xeral –aprobado por unanimidade–, Amelia Pérez manifestou a súa preocupación polos efectos na clase traballadora da elevada inflación e da descontrolada suba do prezo dos combustibles e da electricidade, pois lastran a recuperación económica que se albiscaba coa saída da pandemia.

A situación, se non se toman as medidas axeitadas, aumentará as desigualdades sociais e empobrecerá cada vez máis persoas. Por esta razón, «a fotografía da desigualdade e da pobreza ten que ser un eixe prioritario da nosa actuación», sinalou Pérez.

«SALARIO OU CONFLITO»

Neste contexto, o Goberno do Estado formula a necesidade dun pacto de rendas para afrontar a conxuntura. Para CCOO, este pacto ten que falar de salarios, de control de beneficios das eléctricas, da repartición de dividendos e, por suposto, de fiscalidade.

Porén, «a posición intransixente da patronal» e a «inacción» do Executivo central levan a que, mediado xuño, aínda non haxa acordos. CCOO non vai tolerar que a crise a paguen os máis débiles. «Salario ou conflito», resume o lema das mobilizacións que emprenderá o sindicato.

O informe xeral recolle a preocupación do sindicato polos efectos na clase traballadora da elevada inflación e da descontrolada suba dos prezos da enerxía



Arriba, intervención da secretaria xeral durante a exposición do seu informe. Abaixo, integrantes da mesa que presidiu a reunión do Consello Nacional

REFORMA LABORAL

A secretaria xeral tamén destacou os efectos positivos da reforma laboral. «Os datos dannos a razón e retratan aqueles sindicatos de clase e organizacións políticas que se din de esquerdas e tentaron torpedeala», reprochou.

Os datos de maio ilustran ás claras estes efectos. Ese mes rexistráronse en Galicia 69 557 contratos. Deste total, 26 407 foron indefinidos, unha porcentaxe do 38 %, mentres que un ano atrás estaba no 10 %.

Hai que salientar, non obstante, que a porcentaxe de contratos indefinidos rexistrados no mes de maio en Galicia está 10 puntos por baixo da rexistrada no conxunto do Estado, onde o 44,5 % dos contratos asinados eran indefinidos.

PREOCUPACIÓN POLA EXTREMA DEREITA

O informe defendido por Amelia Pérez tamén expresa a súa preocupación polo avance da extrema dereita que evidencian distintas enquisas, esporeada por un PP «que pacta sen escrúpulos cos herdeiros do franquismo, cos que non respectan os principios básicos da nosa Constitución».

Neste contexto, a sindicalista lamentou que o PP rexeite aplicar cordóns sanitarios respecto da extrema dereita e apelou á reacción de Francia para afastar do poder as forzas totalitarias.

A HERDANZA DE FEIJÓO

A secretaria xeral de CCOO tamén avaliou o paso de Alberto Núñez Feijóo –agora presidente do PP estatal– pola Xunta de Galicia. «A herdanza dos trece anos do Goberno de Feijóo é un país máis desindustrializado, máis despo-

boado e avellentado e cos servizos públicos minguados por completo».

Esta mesma semana produciuse a primeira reunión co seu substituto, Alfonso Rueda, a quen se lle esixiron medidas para paliar a difícil situación das familias debido á desbocada inflación. «Non esperamos cambios substanciais nesta nova etapa», sinalou a secretaria xeral, se ben agarda que o novo presidente «desbote a táctica de culpar os demais cando se é incapaz de resolver os problemas».



Nesta primeira reunión do Consello Nacional constatouse o efecto positivo da reforma laboral para estabilizar o emprego

CONCURSO DE CARTEIS

CONCURSO DE RELATOS




Prazo ata o **22 de xullo** do 2022

Bases en: www.ccoo.gal/concursovigo1972



Ser persoa afiliada ten as súas vantaxes!



ATLANTIS SANTIAGO



Tel. 611 602 341



alicia.rodriquezabelleira@atlantisgrupo.es



ATLANTIS A CORUÑA



Tel. 689 126 116



juan.quintelasanchez@atlantisgrupo.es



ATLANTIS FERROL



Tel. 981 35 09 74



antonio.pitasanz@atlantisgrupo.es



ATLANTIS VIGO



Tel. 683 27 32 10



alfonso.gonzalezalvarez@atlantisgrupo.es

As boas novas tamén veñen de dúas en dúas.

Por ser persoa afiliada a CCOO, agora podes conseguir¹:



a túa oferta bancaria e aseguradora de referencia con vantaxes especiais para ti;



30 €² ao abrires con nós unha Conta Próxima³ de TARGOBANK (que, por certo, podes facer directamente aquí). E así empezará a xestionar mellor os teus gastos, ingresos e aforros do teu día a día nunha soa conta.

E ademais¹...

Se aínda non duplicaches o teu seguro, estás a tempo.

**GRATIS
X2**

Multiplica x2

O capital do teu seguro de accidentes para a afiliación de CCOO, en caso de accidente laboral



Estamos impacientes por verte pronto coa túa Conta Próxima, porque iso si que é afiliarse para mellorar na túa vida!

Tomamos **impulso**



contactar@tomamosimpulso.com | 930039696 | 919023131
De luns a venres de 8:00 h a 20:00 h
www.tomamosimpulso.com

¹ Promoción válida entre o 01/01/2022 e o 31/12/2022, incluídos os contratos de seguro con efecto máximo ata 01/01/2023.

² Para os efectos fiscais desta promoción, a bonificación ten a consideración de rendemento do capital mobiliario dinerario para os titulares Conta Próxima. Para os suxeitos pasivos do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, o rendemento está sometido ao tipo de retención vixente no momento do aboamento, actualmente ao 19 %. A dita retención practicarase por TARGOBANK S.A.U. O importe da bonificación (37,04 €) deducida a retención a conta (7,04 €) será aboado na Conta Próxima por importe de 30,00 € netos. A retención a conta (7,04 €) e esta información quedará suxeita á correspondente declaración ante a Axencia Tributaria por TARGOBANK S.A.U. a nome dos titulares da conta.

³ Conta Próxima é un produto bancario da entidade TARGOBANK S.A.U. (NIF A-79223707), clave 0216 no Rexistro de Banco de España e domicilio social na rúa Ramírez Arellano, 29, 28043-Madrid, dispoñible para particulares, residentes, maiores de 18 anos. Máximo 2 titulares. Os titulares deben ter contratado con anterioridade o servizo de Banca a Distancia. Conta Próxima inclúe: conta de pago, conta de aforro, tarxeta de débito. Consulta condicións en www.tomamosimpulso.com.

Seguro de Accidentes asegurado por GACM SEGUROS GENERALES, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.U. NIF A-59575365, Rexistro DGSFP código C0708; con domicilio en estrada de Rubí, 72-74, Edif. Horizon, 08174 St. Cugat del Vallès (Barcelona) e distribuído a través de TARGOBANK, S.A.U. NIF A-79223707, entidade bancaria, con clave 0216, no Rexistro de Banco de España e operador banca-seguros vinculado, con clave OV0088, no Rexistro DGSyFP, con domicilio na rúa Ramírez de Arellano, nº 29, 28043-Madrid.

O operador de bancaseguros TARGOBANK, S.A.U. dispón dun seguro de responsabilidade civil profesional, de conformidade co Real decreto 3/2020, de transposición da Directiva 2016/97, sobre a distribución de seguros.

As entidades con contrato de axencia co operador pódense consultar no espazo información a cliente da nosa páxina web www.tomamosimpulso.com